## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLO DA CULTURA GALEGA

*EXTRACTO da Resolución do 14 de xuño de 2018 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de dúas bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid e se anuncia a súa convocatoria.*

BDNS (Identif.): 405158.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Españois ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea que están en posesión ou en condicións de obter un título de licenciado ou de grao e que rematasen os seus estudos no curso académico 2007/08 ou posterior.

Segundo. *Obxecto*

O establecemento das bases reguladoras e das condicións polas cales se rexerá a convocatoria das bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid, na cal se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes, coa finalidade de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional e investigadora.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 14 de xuño de 2018 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de dúas bolsas de estadía do Consello da Cultura Galega na Casa de Velázquez en Madrid e se anuncia a súa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

Financiaranse estas bolsas con cargo ás aplicacións orzamentarias 03.01.111D.480.0 e 03.01.111D.480.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, por un importe total de seis mil euros (6.000,00 euros), que se destinarán

CVE-DOG: th5x7nk2-ukm2-bdk4-cxs9-cjn7un9hqev1

ao pagamento das mensualidades dos bolseiros e das cotas da Seguridade Social, respectivamente. A contía mensual que percibirá cada bolseiro será de mil euros mensuais (1.000,00 euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Ramón Villares Paz
Presidente do Consello da Cultura Galega

CVE-DOG: th5x7nk2-ukm2-bdk4-cxs9-cjn7un9hqev1